

A TERRA PROMETIDA 1236

Nikolaj Arcel, 2023

ESTREA EN NUMAX: 02.02.2024 | V.O.S.E. | +16 | 127 min

En 1755, o empobrecido capitán Ludvig Kahlen dispónse a conquistar os duros e inhóspitos páramos daneses cun obxectivo aparentemente imposible: crear unha colonia no nome do rei. A cambio, recibirá un nome real que anhela con desesperación. Porén, o único gobernante da zona, o despiadado Frederik de Schinkel, cre arrogantemente que esa terra lle pertence. Cando de Schinkel se percata de que a súa criada Ann Barbara e o seu servil marido escaparon para refuxiarse con Kahlen, o privilexiado e rancoroso gobernante xura vinganza e promete facer todo o que estea ao seu alcance para escorrentar o capitán. Pero Kahlen non se deixa intimidar e emprende unha batalla tan desigual que poñerá en risco non só a súa vida, senón tamén á familia de personas marxinadas que se formaron ao seu redor.

«Un descomunal Mads Mikkelsen protagoniza esta belísima reviravolta a "O home que matou a Liberty Valance"»

Jessica Kiang, VARIETY



A TERRA PROMETIDA 1236

Nikolaj Arcel, 2023

ESTREA EN NUMAX: 02.02.2024 | V.O.S.E. | +16 | 127 min

En 1755, o empobrecido capitán Ludvig Kahlen dispónse a conquistar os duros e inhóspitos páramos daneses cun obxectivo aparentemente imposible: crear unha colonia no nome do rei. A cambio, recibirá un nome real que anhela con desesperación. Porén, o único gobernante da zona, o despiadado Frederik de Schinkel, cre arrogantemente que esa terra lle pertence. Cando de Schinkel se percata de que a súa criada Ann Barbara e o seu servil marido escaparon para refuxiarse con Kahlen, o privilexiado e rancoroso gobernante xura vinganza e promete facer todo o que estea ao seu alcance para escorrentar o capitán. Pero Kahlen non se deixa intimidar e emprende unha batalla tan desigual que poñerá en risco non só a súa vida, senón tamén á familia de personas marxinadas que se formaron ao seu redor.

«Un descomunal Mads Mikkelsen protagoniza esta belísima reviravolta a "O home que matou a Liberty Valance"»

Jessica Kiang, VARIETY



O prezo da ambición

Por Manu Yáñez

O cineasta dinamarqués Nicolaj Arcel, director de *Un asunto real* (2012), ten claro como definir o seu novo filme: “É un relato épico sobre un home devorado pola ambición”. O home é cuestión é Ludvig Kahlen, o fillo bastasto dun terratenente que, na Dinamarca do século XVII, loita por se facer un nome cultivando as inhóspitas terras do páramo danés. “Kahlen ansía ter terras, diñeiro, o favor do rei... Pero ao mesmo tempo sente un rancor visceral cara aos poderosos. Está metido de cheo na eterna e universal loita pola honra”, sostén Arcel. Pola súa banda, Mads Mikkelsen, o actor dinamarqués máis internacional, sinala que “resulta fascinante intepretar un personaxe que desexa algo que el mesmo odia con todo o seu corazón.

Kahlen conecta con outras criaturas ambiciosas encarnadas por Mikkelsen, desde o belicoso protagonista de *Michael Kohlhaas* (Arnaud de Pallières, 2013) ao Dr. Voller de *Indiana Jones e o Dial do Destino* (James Mangold, 2023). “As ambicións materiais e reputacionais levan a Kahlen á obsesión e o narcisismo. Está disposto a arruinalo todo por se saír coa súa. Por sorte, as circunstancias vano achegando a unha verdade superior, relacionada co coidado doutras persoas”, sinala o actor.

A relación de Arcel coa industria de cinema americano é do máis ambivalente. Por unha banda, o danés reconece a influencia n'*A terra prometida* do gran cinema épico do Hollywood clásico. “O que fixo David Lean durante aquel período paréceme colosal”. Porén, o cineasta de Copenhague conserva recordos aciagos da súa incursión na meca do cinema para dirixir *A torre escura* (2017), fallida adaptación da saga de novelas de Stephen King. “Foi unha experiencia terrible. No cinema dinamarqués non hai dúbidas de que o director é quen leva as rendas dunha película, pero en Hollywood hai moitas persoas que teñen máis poder de decisión que o director, sobre todo os que manexan o diñeiro. Ao final, miras o filme que fixeches e non o reconeces como teu”. En última instancia, *A terra prometida* podería supoñer a volta triunfal de Arcel a Hollywood, dado que o filme foi preseleccionado na categoría de Mellor Filme Internacional aos Oscar.

Un dos temas centrais do filme é o choque simbólico entre a razón e a paixón. “Na oficina que comparto co meu coguionista temos un cartel no que se le: 'Orde vs. Caos', explica Arcel. N'*A terra prometida*, “o personaxe de Ludvig Kahlen, coa súa vida espartana e o seu carácter introvertido, encarna o control, mentres que o caos agroma representado polo irascible e cruel Frederick De Schinkel. ”O choque entre desexo de control e a inevitabilidade do caos está na esencia humana”. Pola súa banda, Mikkelsen propón unha lectura particular na dicotomía entre orde e caos: “No cinema, demándase aos actores que incorporemos unhas doses razoables de caos á realización dun filme. Logo, o director debe ser quen de impoñer unha certa orde no proceso creativo”.

A terra prometida está baseada na novela “El capitán y Ann Barbara” da escritora danesa Ida Jessen, publicada en 2020. “Os personaxes de Kahlen e De Schinkel son reais, pero Jessen construíu unha ficción ao seu redor. Tentamos manternos fieis ao texto aproveitando os anos de investigación histórica realizado por Jessen, afirma o director.

O prezo da ambición

Por Manu Yáñez

O cineasta dinamarqués Nicolaj Arcel, director de *Un asunto real* (2012), ten claro como definir o seu novo filme: “É un relato épico sobre un home devorado pola ambición”. O home é cuestión é Ludvig Kahlen, o fillo bastasto dun terratenente que, na Dinamarca do século XVII, loita por se facer un nome cultivando as inhóspitas terras do páramo danés. “Kahlen ansía ter terras, diñeiro, o favor do rei... Pero ao mesmo tempo sente un rancor visceral cara aos poderosos. Está metido de cheo na eterna e universal loita pola honra”, sostén Arcel. Pola súa banda, Mads Mikkelsen, o actor dinamarqués máis internacional, sinala que “resulta fascinante intepretar un personaxe que desexa algo que el mesmo odia con todo o seu corazón.

Kahlen conecta con outras criaturas ambiciosas encarnadas por Mikkelsen, desde o belicoso protagonista de *Michael Kohlhaas* (Arnaud de Pallières, 2013) ao Dr. Voller de *Indiana Jones e o Dial do Destino* (James Mangold, 2023). “As ambicións materiais e reputacionais levan a Kahlen á obsesión e o narcisismo. Está disposto a arruinalo todo por se saír coa súa. Por sorte, as circunstancias vano achegando a unha verdade superior, relacionada co coidado doutras persoas”, sinala o actor.

A relación de Arcel coa industria de cinema americano é do máis ambivalente. Por unha banda, o danés reconece a influencia n'*A terra prometida* do gran cinema épico do Hollywood clásico. “O que fixo David Lean durante aquel período paréceme colosal”. Porén, o cineasta de Copenhague conserva recordos aciagos da súa incursión na meca do cinema para dirixir *A torre escura* (2017), fallida adaptación da saga de novelas de Stephen King. “Foi unha experiencia terrible. No cinema dinamarqués non hai dúbidas de que o director é quen leva as rendas dunha película, pero en Hollywood hai moitas persoas que teñen máis poder de decisión que o director, sobre todo os que manexan o diñeiro. Ao final, miras o filme que fixeches e non o reconeces como teu”. En última instancia, *A terra prometida* podería supoñer a volta triunfal de Arcel a Hollywood, dado que o filme foi preseleccionado na categoría de Mellor Filme Internacional aos Oscar.

Un dos temas centrais do filme é o choque simbólico entre a razón e a paixón. “Na oficina que comparto co meu coguionista temos un cartel no que se le: 'Orde vs. Caos', explica Arcel. N'*A terra prometida*, “o personaxe de Ludvig Kahlen, coa súa vida espartana e o seu carácter introvertido, encarna o control, mentres que o caos agroma representado polo irascible e cruel Frederick De Schinkel. ”O choque entre desexo de control e a inevitabilidade do caos está na esencia humana”. Pola súa banda, Mikkelsen propón unha lectura particular na dicotomía entre orde e caos: “No cinema, demándase aos actores que incorporemos unhas doses razoables de caos á realización dun filme. Logo, o director debe ser quen de impoñer unha certa orde no proceso creativo”.

A terra prometida está baseada na novela “El capitán y Ann Barbara” da escritora danesa Ida Jessen, publicada en 2020. “Os personaxes de Kahlen e De Schinkel son reais, pero Jessen construíu unha ficción ao seu redor. Tentamos manternos fieis ao texto aproveitando os anos de investigación histórica realizado por Jessen, afirma o director.